

A vida non se concerta

Fernando Lacaci Batres

Vicepresidente da Confederación ANPAS GALEGAS

anpasgalegas@gmail.com

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 62-63

Unha das peculiaridades da nosa organización pública, que non existe en moitos outros países e moito menos coas dimensións que ten na nosa sociedade, é a existencia de espazos privados que están a prestar servizos públicos porque a administración “concerta” con eles, ou sexa págalles para que fagan o mesmo que xa está a facerse dende a propia administración; coa diferenza de que esas empresas privadas “concertadas” poderán facelo con moito menos control, menos rigor e menos responsabilidades.

Ese “concertamento” de servizos está actuando en cada vez máis ámbitos da nosa vida; concértanse espazos sanitarios, residencias de anciáns, academias de formación do persoal...

E concértase tamén o Ensino Público, porque temos mercadas unha morea de prazas, pagadas con fondos públicos, para que os nosos nenos e nenas estean escolarizados en centros privados, din que gratuitamente para as familias, durante a etapa da súa formación primaria e secundaria; mais tamén na FP, nas escolas infantís, nos conservatorios, etc.

Para nós, para as familias que defendemos o Ensino Público Galego, a existencia deses concertos supón unha fonda irregularidade na organización educativa galega, non só porque conculca gravemente o principio de igualdade que debe rexer, dun xeito impoluto, a vida educativa, senón porque na práctica supón unha vía de escape pola que está a se fugar de acotío a necesidade de establecer políticas inclusivas xe-

neralizadas, que permitan que as xeracións futuras non caian nos erros e nas discriminacións gratuítas nas que caemos, precisamente polo abandono dos poderes públicos, as xeracións anteriores.

Os centros educativos privados -porque o feito de concertar prazas non os fai máis públicos- non son gratuítos porque sempre andan na procura do xeito de conseguir unha contribución, máis ou menos elevada, por





parte das familias a medio do cobramento de servizos “complementares” que acaban sendo de utilización obrigada. Esa é a súa primeira condición diferenciadora entre o seu alumnado, ou máis ben a primeira peñeira que impide o acceso real de alumnado en situación de exclusión por motivos económicos ás súas aulas; as familias saben que acabarán pagando “algo”, e tamén saben que nin que ese “algo” sexa pouco vai ser asumíbel por elas.

Pero é que os centros educativos privados teñen un proxecto social, particular e diferenciado, que as máis das veces o que fai é tentar eliminar da vida do seu alumnado unha parte da realidade diversa que existe no mundo real; a idea que sustenta o ensino privado é a procura dun espazo protexido, a creación dunha realidade paralela que elimine os atrancos que puidesen impedir unha formación académica de éxito, a elaboración dun currículo limpo e brillante que encamiñe o alumnado a unha saída laboral cómoda e rápida.

O grande problema é que eses “atracos” son persoas con dificultades, con diversidade fun-

cional, con diversidade cultural, xente que pensa doutro xeito, moitas veces incómodo, ou que precisa dunha adaptación do grupo, xente máis pobre ou de extracción social máis desfavorecida; pero eses “atracos” son realmente a vida mesma, a complexidade e incomodidade que supón convivir e incluír todas aquelas persoas que veñen connosco na vida. Tamén é certo que, ao evitar eses atrancos, tamén impiden a aprendizaxe inherente a esa convivencia diversa, o que precisamente é a maior vantaxe e riqueza que aínda temos no Ensino Público.

Dende o mundo das asociacións de nais e pais de alumnado público temos moi presente que precisamos desa diversidade para que os nosos fillos e fillas medren no coñecemento do mundo total que os arrodea. Sabemos que a vida non se concerta, que non existe nin é necesaria unha fórmula de dispersión de todo problema e que a xuventude mellor preparada vai ser aquela que teña a capacidade de contemplar o mundo tal e como é, sen falsidade nin selección previa.

Por suposto, debería ser a administración pública quen im-

pedise a existencia desas anomalías sociais, quen prohibise que a educación fose un espazo mercantilizado; pero nós tam pouco debemos rexeitar a nosa responsabilidade, tamén é preciso que as familias aprendamos que querer o mellor para os nosos fillos e fillas non ten nada que ver coa pretensión de blindalos fronte a todo o molesto, difícil ou diferente, porque precisamente da súa inclusión no mundo completo virá a súa formación integral e a posibilidade de seren individuos positivos para a sociedade e felices para si propios. E esa inclusión está na escola pública, na que é de todas e que ten que estar po-boada por todas. ■